

# A·NOSA·TERRA

## BOLETIN DECANAL

Idearium das Irmandades da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

### PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña ó mes, 40 cts. Para trimestre, 1'50 ptas.  
Coste d'un número, 15 cts. América id... 2  
PAGO ADIANTADO

### NUMERO 118

A CRUÑA 25 DE ABRIL DE 1920

Redacción e Ademiniistración:

PLAZA DE MARÍA PITA, 17, BAIXO  
(Irmandade da Fala)

### Intertroque Cultural Nazonalista

## A esencia do problema catalán

Namentres os problemas nazonalistas considerados coma custiós de política normativa e non coma esforzos culturales humanos, de xeito xeral e xeneroso, haberá o perigo de non os comprender esencialmente, de non se decatar da outisma e fondónisma sinificación dos mesmos na hestoria da ciñidade.

Cand'un político, un pubricista calquera, pontifica desde Madrid soñ'o nazonalismo catalán, e nos dona consellos, e ainda com'unha concesión manámina aproba os nosos queixumes i-evoca a irmádade ibérica, a comunidá de destinos hestóricos e xeográficos, demostra que, pesi-á sua simpatía, no ten visto o por qué do noso movemento, as causas e motivos d'orde puramente espiritoal que son seu orixe, fundamento e subsistencia.

Arrechégase mais ó campo onde é posibre prantexar o tema da esencia do xeito nazonalista, aquel que nos acuse de rehusare o herdo espiritoal da Castela tradizionale e crásica, co'a sua gran forza autóctona i-o seu formidabre caráter orixinal.

Entón, camiñando xa pol-as marxes d'un camiño, ond'e posibre, de veira a veira, establecer un diálogo, respondemos nós que aquela tradición non é a nosa, que a tradición de Cataluña e moi outra, que fican tan lonxe da nosa cultura unha Santa Tereixa com'un Pascal, un Calderón, un Racine ou un Shakespeare. A nosa tradición ficou esnaquizada no albeo do Renacemento. Os nosos nomes sagrados teñen de seren os dos cronistas e sabios cataláns da Idade Meia, até a Sabiude **Momentado por Montaigne, Lois Vives** xa é un desnazonalizado.

Ten, emporiso, de común c'os outros,

o seu europeísmo. Furando Cataluña nas suas mai fondas peculiaridades atopa sempre o contacto co'a Europa esencial. Na época gloriosa dos nosos grandes reis, até a metade do século XV, todo conserva a nosa orixinalidade e sabor, sen nos facer abranguidos por influencias extraeuropeas. Arnau de Vilanova e Ramón Llull, sobre todo, sa ben localizaren nos tempos o polo superior da cultura occidental. Que c'uspo polo non cambia de logare e a nosa brúxula sigue indicándoo, até que as fatalidades hestóricas fixéronnos perder o xeito espiritoal da nazonalidade.

En troques, nos catrocentos anos de preguizamento e de xuntanza con Castela, os cataláns non temos feito cousa boa, nada de valore universal.

Se agora querémonos redimir, se queremos traballare de cara a futuridá, creando unha cultura humanismea propia, por qué han de nos pechar o camiño d'aquela posibilidade? A nosa axuda á cultura castelán é probabel que resultara nula. Deben deixar de insistiren naquela tarefa que unha esperencia catro veces secularmente desaproba por vana.

Co'a nosa independenza d'esprito, Castela non tería miga de perda, e nós gañaríamos d'abondo. Quizais gañásemos a gracia. Pois a gracia das nazóns é lograren unha boa cadeira no Olimpo dos pobos cultamente e noblemente orientados. Aqués que traballen e conspiren contra das nosas xuvenís institucions de cultura, non han colleitaren ningunha gratitudade da patria castelán ou hispanola, mas si a condenación unánime d'un pobo que quer unxiéres de tódal-as escelencias pra poder cobeñarse dinamente c'os outros.

En resumo: que, decatándonos ben, non é, o noso, un problema d'adeministración pública, nem menos ainda de xeitura particularista, nem tan siquer d'antagonismo político. E sinxelamente problema de cultura que terá d'interesar a tod'a humanidade.

JOAN ESTELRICH.

Hoxe escomenza un intertroque d'artigos culturais entr'A NOSA TERRA e «La Revista» de Barcelona. Os catalanistas novos, mandámos artigos en catalán que nós pubricamos, com'os d'enriba, traducido o noso idioma. E nós mandámolo en galego i-ál tradúcennos ó catalán.

## Deus e o noso idioma

Fai unhos cantes anos, atopábame eu nun piedoso pazo de Ribeiras de Miño, n-o que era costume, pola noite, rezar o Rosario, antes de se poñer a mesa pr'a cea, xuntos todolos d'o pazo ó redor d'o llar da folgada coñecida, unhas cabos d'os escanos bullanda chichos entramentres, de xionllos a carón d'o lume outros, fagundo sinxelas labores algúns, ben fiando ou novelando n-o argadelo as mulleres.

Rezábase n-o pazo en castelán, e de cotío falaban en galego enxebre. E lémbrome qu'unha noite, como o que levara o rezo se adurmiñase, a dona, espello de galegas fidalgas, espabilando ó dormiñente, lle dixo entre un «Dios te salve, María, llena eres de gracia»:

— Esperta, Antón!

Tan cómico me resultou o paso que a pouco istiven de romper en risa, e rompera si non fora pol-o respeito ós d'a casa. Dende entón pensei sempre n-o ridículo que resulta rezar en castelán cando dícole se fala en galego. Non atopo razóns que abonen a preferenza que se lle da a aquél sober d'iste, pois si a oración ha de sere con-

confianza, sinceridade e sinxeleza, issa confianza, sinceridade e sinxeleza non existen cando se vota man de un idioma estranxo, alleo, sendo distancias eisí o rezó algo artificioso, insincero, pouco íntimo.

Ista maneira de dirixirse a Deus é cuase como unha bulra ou pecado en senso relixioso. A oración que mais lle agrada a Deus é a que asoma ós beizos en labaradas de arrepentimento e sinceridade, e ista derradeira manifestase en verbas sinxelas e sentidas que non outras son que aquelas que de costume se empregan pra expresar os sentimentos afetivos mais íntimos e que nos ensinou nosa mai n-o bérce.

Os que me faguedes o honore de lerme e coñecedes o francés, o inglés ou outro idioma calquera, e tedes afincado o sentimento relixoso na vostra concencia, decideme si rezando unha Ave-Maria en idioma estranxeiro sentides a emoción, a unción devota, como si fixérades o rezó n-o idioma maiternal.

A relixón é un lazo de amore que une ó home con Deus, e sendo pois amore o sentimento relixioso, cabe pensar libertala de todo artificio, de toda violencia, de todo cálculo, refreñación, celebralismo; deixando o corazón manifestárese impetuoso, apaixonado e ardente como n-outro amore calquera, que por selo soilo gosta da sinxeleza e sinceridade, como cadra a todolos

porcosos desprituales d'o sentimento afetivo. Eisi amantes e amados se funden e confunden no seu amore pola mutua fe e suxestión.

Eu me pergunto por qué se reza en castelán n-as nosas aldeias en donde se fala decote en galego, e non dou con razós ningunhas, e soilo alcontro causas pelengrinas e abafantes. Son as mesmas que van desleigando, desnaturalizando e castelanizando as nosas vilas e cidades; son o réximen politeco d'a Hespaña, a hexemonía irritante i histórica d'unha rexón d'a Iberia e o descoñecemento d'os nosos propeos valores ó fitar de cotío pr'os d'o Besso pra aló.

Quero con iste artigo chamar a atención d'os bos católicos para mellor agradar a Deus, e d'os bos católicos galeguistas pra voltar polas reivindicacions d'o noso linguaxe. Prego os mestres e as familias católicas galegas que ensiñen a rezar en galego ós seus aducandos, e prego tamén ó crero que recomende ós seus feligreses o rezar en galego pra que a oración renda froitos d'o maior agrado de Deus.

Non alpurnen os galegos católicos diante d'os ollos de Deus aparentando sere o que non son. Chéguense a falar con él con humildade, confianza e sinceridade. Falen con Deus en galego pra lle mais agrádar.

A. SANTOS VILA.

## As erratas mais importantes que aparecen na conferencia de Viqueira

Páxina...	Coluna...	Líña...	Dí	Debe decer
1	2	33	—	E iste
2	2	34	—	— vos
3	3	3	constitua	constitui a
4	2	52	moitas veces asin	moitas veces; asin
2	2	8	d esfagia	de fadiga
2	2	13	araras	avaros
2	2	16	• heira	• cheira
2	2	28	morrer	morreren
2	2	40	marfin	de marfin
2	2	47	da	vida
2	2	52	—	suas
3	1	44	conose	concre
3	1	55	pois santes de ser ondejar	pois antes de ser onde jaz
3	2	1	no se sucederen	no se suceden
3	2	34	pod esen	pode ser
3	2	56	Nazonaiismo	Nacionalismo
3	2	57	sendo	sendo principio de
4	3	13	ajuda	ajuda
4	3	3	maña precursores de novas vías	de palabra quixera dar-lles azos

Prégase á todolos leitores d'iste boletín que teñan algún exemplar d'os números 1, 2, 103, 107 e 112 e non o co-

leucionen, ó manden á nosa ademenistración donde fan falta pra comprarlos á colección.

## PAROLAS

### Da nosa cultura e da nosa arte

As vías de comunicación son de grande interés. Sin elas—permanecendo no illamento autual—tódolos nosas boas intencions e tódolos nosos propósitos terán de s'esnaquizare contra da realidade.

Deber de todos é traballar porque Galicia teña axiña excelentes liñas de comunicación. Estas liñas interesan ainda mais que as escolas. D'onde hai riqueza, fuxo o analfabetismo. Onde hai riqueza a emigración desminue de xeito considerabre. Lembremos c' o Renán que un ferrocarril fai mais polo progreso d'un pobo que moitos libros i-escolas.

Riqueza e libertade son termos convertibles. Cultura e libertade, poden resultar diverxentes.

Pode haber moita cultura e verdadeira escravitude e rebaixamento espiritual. Dígao a nosa crás meia—moito mais culta que a obreira—qu'é a mais escrava e cobarde.

A moral, por outra parte, pouco ten que ver co'a cultura corrente. ¡Cánto mais moraes non son os labregos que moitos «americanos» mundanos que corrumpen a sinxeleza da vida aldeán.

Xeralmente os homes cultos, son os mais pillos.

E xa ten pasado de moda aquel inxenuo dito oitocentista que poidera sintetizárese na frase tan sobada de Víctor Hugo: «onde s'abre unha escola, péchase un carce».

Non, a moral non'a fomenta a cultura—isa cultura que equival á ilustrazón co'a que se confunde. A moral desenroláse de xeito fecundo e punxente ali onde ás masas inculcase-lles un ideyal. A moral é filla do sentimento mais que da razón. E sentimento, enantes que nada, son as relixiós i-o patriotismo, que tamén é relixión, conforme probou Benjamín Kidd.

Créde que non haberá bons mestres por moito que seiban e por moi ben pagos que se achén, naméntras nas Escolas Normaes se non lles ensine como dixo sabiamente Altamira—a asignatura de «Ideyal».

...Emporiso Galicia é probe e mansa; porque fállalle un ideyal moralizadore, un ideyal colectivo, qu'é o que arelan inculcarlle con recta e san intención, os homes do nazonalismo.

O analfabetismo, nunca é causa, senón efecto. E isto tanto ou más que os galegos d'aco comén facerlo coñecer ós das Américas.

Si fixeran polo establecemento d'industrias e liñas de comunicación en Galicia, non terían que se preocuparen de crear escolas. Pois as escolas creárias o Estado, da noite para mañá, tan axiña com'un ambiente moderno, fillo do sentimento, obrigáralle a "civilizarse".

Si o sentimento rexera, «devendo» n'unha fonda forza moral, i qué político nin que rexidor de pobos, acouaría, logo de ter visto os adiantos do estranxeiro, enantes de velos impostos no seu chan nativo?

\*\*\*

Inda que vos hai quen di que o teatro i-as artes galegas non teñen ambiente, a realidade fala de xeito moi diferente.

Nunca produxéronse tantas obras de dramática rexional coma de dous anos á data. Moitas cativas, naturalmente. Mas i qué obras boas no mesmo lapso de tempo se teñen estrenado en castelán! Nós non sabemos de ningunha.

No galego, en troques, con estar e noso idioma n'un xeito renascente e os que o cultivan con patriotismo i-amor, en período de tantoceio, algo racial promesa de froitos definitivos, levase feito.

«O Fidalgo», verbigracia, do zapateiro-poeta San Lois, coma obra arrinizada das entrañas do sentimento popular, val por tódalas «Casas da Troya» que se teñen escrito. O segundo acto d'este drama d'un menestral homilde, xa non pol-a sua beleza e pol-a sua naturalida, senón pol-a sua técnica, igualase, si non supera, ás obras más manosas de Benavente e Linhares. E os sainetes galegos de Xavier Prado («Lameiro») tenen unha gracia, drente do enxebre y-unha amenidade, equiparabre á dos irmáns Quinteiro. Coa aquela de que noso nosos dramaturgos galeguistas hai un valor que ningunha raza, mais que a nosa, posé: o humorismo, sempre a cen cóbedos da «graciosa» e do «sal», como probou Risco na sua xenial conferencia da Exposición do Castelao.

Humorismo e lirismo, somente pódense atopar no galego, drente da Hespanha. Non hemos poder facer, pois un valor universal, o da dramática enxebre, si queremos facelo? Si temos toda Galicia, tódalas grandes urbes da Hespanha, todo Portugal e toda América, pra podermos paseiar por eles en trunfo unha notabre compañía galega?

O notabre coro orensán «De Ruada» sirve pra demostrarlo. Veu facendo unha «tournée» proveitosa pol-as principaes cidades da Terra. Coro mixto —composto d'homes e donas— dounos a conhecer cantigas populares fermosísimas. Repersenta, ademais, obras de

teatro galego. Ofrece beiles típicos pintorescos. E combina o canto, os beiles y-a dramática, pra mostrar números de conxunto qu'entusiasman.

Pois facede todo isto mais polo grande e con verdadeiro luxo, no decorado, traxes, etc. Que do decorado encurrense nosos millores artistas, termánndo de realizar algo, drento do enxebre, c'unha propiedade equiparabre á dos coadros de beile rusos, i-entón decidémos si o noso —lirismo, humorismo, costumismo— non s'importa millor, mundo adiante, que o eterno reportorio fartante d'unha compañía de María Guerreiro ou d'outra polo xeito.

O que «non é», «poderá ser», si «queremos que sexa». E n'este «querer»—vontade patriótica colectiva—áchase o segredo de todo.

A. VILLAR PONTE.

## O exemplo de Vigo

A Xunta de Obras do Porto de Vigo foi autorizada polo Goberno pra facer un Empréstimo de 100 millóns de pesetas.

O desexo d'aquela Xunta é pôr o porto da cidade da Oliva á outura d' de Lisboa.


Enchenos de ledicia saberemos que Vigo axiña terá un imenso progreso.

Mas pensamos que imenso progreso habería en Galicia enteira, si tódalos pobos d' Asturias i-a nosa Terra ós que intresa o ferrocarril da Costa, traballases pra abriren outro empréstimo con destino á construcción d'aquela liña de ferro.

Pois cen millóns, pouco mais ou menos, son percisos pra ela.

Sirva a moderna urbe viguesa d'exemplo.

## COUSAS DO DEMO, por Castelao.



—E este é o mundo que fixo Deus!

## O Teatro galego

Nunca espertou tanto entusiasmo nas xentes. Cada día aparecen novos cultivadores d'ele. «O Fidalgo» acábase de repersentar na Estrada, Santiago i-a Cruña. Os sainetes de Xavier Prado, trúnfan en toda Galicia. «Donosíñan», de Quintanilla, fixose duas veces no Ferrol. En Vilagarcía estrénouse tamén un xogue-te cómico escrito na nosa língua. En Santiago i-o Ferrol, vánse facer novas repersentaciós de obras galegas.

O grorioso idioma pátreo impónse.

## PRA OS LEIRES

Algun dos nosos leitores quérinxense da maia crás do papel que agora se usa n'esta revista.

Xa temos dito que a causa d'elo é o non haber en praza un papel millore. Cand'o haxa volvaremos a empregalo coma enantes.

E disimulen, xa que non vai a culpa consigo. E pensen tamén que valen mais boas ideyas e traballos bons, que unha revista de papel couché chea de parvadas.

AS MULLERES, por Castelao.



—Se o dereito a votar costou sangue, ben-o temos ganado nós en Osera, no Son

## DIVAGACIÓS HUMORISMO GALEGO

Os poetas galegos antigos senten os entusiasmos de todolos asuntos cheos de grandeza. Son amorosos e son filósofos, ven o mar de Vigo, galíaco polo lirismo e polo atlantismo, e as pousadas de Santiago a onde vefien romeiros de todalas partes do mundo. Non é a vida galega a que somentes pon espírito nos seus cantares. Hoxe, en troques, este senso nazonal de Galicia áchase esquecido polos que fan crítica na rexón e pola maoría dos poetas e prosistas. Xa se sabe que o rexonalismo literario zendeu a empregar o idioma galego no cultivo de aquelas manifestaciós literarias que eran só de costumes ou de tipos galicianos. Para os rexonalistas non podía haber outra literatura galega que a reducida á pequena illa por eles creada no meio do pensamento noso, inmenso, sin ourelas. E así puderón levar a recentes certames temas que decian: ¡O teatro galego debe ser universal ou tratar cuestiós e facer ambientes galegos somentes! E deron a razón aos que pediron un teatro galego, de asuntos galegos.

Tere Galicia é mais que unha rexón, polo menos literariamente. Os rexonalistas non poden porlle veiras ó pensamento nacional de Galicia. E os pensamentos nacionaes enchen todolos xéneros literarios e cultivan todalas manifestaciós pensantes. Galicia e os seus literatos hoxe como na Idade Meia votáranse por ruas amplias queiran ou non queiran os que pretenderon que a literatura galega non tiña mais persoalidade que a descriptiva dos romaxes galaicos, a entusiasta dos costumes do povo e a dos contos porcos ou epigramáticos que nin siquera responden á tradición galega.

Shakespeare non é un dramaturgo inglés polos asuntos. Os seus temas son os da Historia antiga. E así Corolian. A tragedia da Grecia deulle tamén inspiraciós. E sin embargo é o gran dramaturgo inglés, porque as pasiós, os elementos das concepcións do teatro non son dun povo senón dos homes, de tudolos homes. Ademais, a literatura e o pensamento nacional, non estiveron nunca determinados polos asuntos como que-

men os rexonalistas apreixadores do pensamento galego, senón polo idioma. O idioma da nacionalidade ao pensamento. Os tipos, os costumes nacionalizan mellor a pintura que as letras.

Ayras Núñez o gran poeta da antiguedade galega é o poeta do pensamento galego. O seu filosofismo vai a servirnos para que espliquemos o orixen do que se deu en chamar humorismo galego. Ayras Núñez é un humorista. E un poeta filósofo; é un poeta de amor e de ternuras. Na segunda metade do século XII Ayras Núñez puxo xa unha refutación para os que queren facer literatura somentes rexonalista.

Xa temos falado da sua cantiga de maldecir sobre a verdade que no seu tempo él non atopaba.

Porque no mundo mengou a verdade...

E logo no segunda estrofa do seu gran poema lírico dí:

«Nos moesteiros dos frades negredos  
A demandeui e disseron-m'assí:  
Non busquedes vos a verdad'aquí...»

Os versos son d'unha fluidez que hoxe cando os idiomas e a Preceptiva chegaron as suas maiores facultades de expresión poética non se farián mellores.

Sigue a estrofa:

Ca muitos anos avemo passados  
Que non morou nosco, per boa fe,  
Nen sabemos ond'ela agora esté...»

Aquí temos un verso sinxelo pero forte, amplio, que vale por toda unha concepción filosófica. «Nen sabemos ond'ela agora esté...»

Ademais é un verso cheo de ironía. «Ond'ela agora esté». N'estas palabras hai un riso. O poeta sabe que a verdade xamais vai a ser conquerida polos homes. Pero esprésase en unha forma como si dixéramos de boa educación. O poeta fuxe de chamarlle mintireira a humanidade.

Ademáis fixémonos en que o poeta crego está falando de monxes negredos, que son os benedictinos. Esos monxes non saben onde a verdade está. Ela debía acharse entre eles. A sinceridade, a cencia non viven no mosteiro. Esto si o dixerá un laico sería un pecado; dito por un crego é un humorismo, pois un crego é un creyente e non pode haber nél irrespetuosidade para coi frades, ou, mellor, para as verdades que os frades predican. Ayras Núñez refírese á mentira, aos xuicios sobre os demás homes e as cousas do mundo. Pero de todalas maneiras os frades parece que deberían cumplir o mandamento octavo. Sin embargo non se trata de unha falla de respeito do poeta aos frades negredos. E que o poeta quixo afirmar coi tal forza a sua risoña concepción filosófica do mundo, quixo facer ver como nin nos «moesteiros» a verdade se acha; ali onde estar deberá.

## OS SÉÑORITOS



—En Galicia habla castellano un cuarenta por cien de la población.

—¿Dijo un cuarenta por cien? Ya lo creo y también un cuarenta por mil.

N-estas esaxeraciós de expresión topamos a forza irónica, o humorismo do poeta. A idea que informa o poema é unha verdade fundamental da Filosofía. Pero o poeta non-a expresa solemnemente, seriamente como faría un sabio, senón humorísticamente como fan os galegos.

«No mundo mengou a verdade»: ve láhi a filosofía. ¡Cómo se desarrolla esa concepción, cómo se expresa! Pois chám'ndolle mintirero en moi «tú» as verbas a todolos homes: aos monxes negredos, aos monxes do Cister («E en Cistel, u verdade soia,—Sempre morar, disseron-me que non-Morava i...»), aos romeiros que chegaban do tudo o mundo a Santiago; ninguén conoce eso.

«En Santiago seend'albergado,  
En máis pousada chegaron romeus;  
Pregunti-os e disseron: «Par Deus,  
Muito levadé-lo caminh'errado...»

Todolos que hoxe e sempre pasaron como humoristas galegos ou tiveron a prenderancia d'isa forma literaria tan feconda en Galicia foron eso: pensadores como Ayras Núñez. Más na expresión do seu pensamento, non adoptaron as enrevesadas formas da prosa filosófica nin as solemnidades da literatura trascendente. Foron sinxelos. Uuxeron un riso

a carón das suas fonduras de pensamento. Envolveron os dores da investigación pensante nunha ledicia de frase. Rodearon de formas graciosas as síntesis sistemáticas, pesadas cando se expresan no seu linguaxe para as xentes que viven o día. Foron ademais de pensadores grandes artistas que deron con outras mais lixeiras liñas as ideas que outras razas darían en grosas liñas tráxicas, sin beleza, fallas de gosto para as xentes que ríen.

Xulo Camba unha das maiores representacións do temperamento racial de Galicia, é iso. Un pensador como hai moi poucos hoxe. Si fixese sistemas filosóficos non-o escotaría nadie. Fai humor e o seu pensamento chega as xentes. Muitos non ven nél o pensador. A masa non ve nunca mais que o humorista, e rise enteiramente entregada ó riso do escritor. Pero a raza galega trunfa nél más polo fondo que pola forma. E así, n-aquel artigo en onde fala da mendicidade no cal fai unha comparanza entre os mendigos e os ricos e dí que a mendicidade non debe desaparecer porque tanta vergüenza hai n-esta como no luxo e no derroche dos millonarios, as insuperabeis rebeldías de

pensamento, poñen acesas ideas de home novo, de home pensante, de escritor de idealidade na ledicia da risiera.

O brinco muito longo que dimos desde Ayras Núñez, un dos más antigos escritores galegos, que é na Idade Meia unha grande representación do que se chama humorismo galego, até Xulo Camba, contemporáneo, ainda mozo, demostra como é nosa a cualidade de nos rir ante a tragedia da verdade que non se encontra en ningures, pero que buscamos porque a búsqueda é a vida.

XAVIER MONTERO.

A causa d'unha avería ocurrida n'unha máquina na imprenta donde se confeciona iste boletín, non puidi salir na sua data.

**Lea vostede**

**A Nosa Terra**

A VERGONA DO FERROCARRIL DA COSTA

## Os cuneiros fracasaron outra vez...

No Congreso denegóuse a petición feita pra cumpliren e pra engaiolar os parvos polos cuneiros galegos, de dez millóns de pesetas con destino ó ferrocarril da Costa.

Agora trataron de lla pidir ó Senado, tamén pra cumpliren os senadores por distritos da nosa Terra.

E nin do Congreso nin do Senado lograron mais que boas verbas.

Namentres Dato y-outros políticos, consiguen tódolos ferrocarrís que queren pr'ós pobos onde caciquean.

O ferrocarril da Costa teriamolo de contado tan axiña com'un só diputado fixera unha interpellación rexa e baril no Palamento.

Pro com'os diputados galegos son todos, sin excepción, criados e dependentes dos vellos e noxentos políticos...

N'é estrano que non viñesen os Reis ó Ferrol pr'a botadura do novo «Terror dos mares».

Pro, en troques, xa veredes como van a Vigo cand'a colocación da primeira pedra do momento nas illas Cíes...

No Ferrol poderíanles pidir algo; i-en Vigo non terán compromisos.

Cando haberá de se decatar o breguismo galego de qu'é urxente ter un diputado que só pode ser puro, sendo nazonalista, nas Cortes?

¡Qué fai Gulloneciño o obstrucionador nonato...!

¡Qué fai Leonardo Rodríguez! Tan amiguño do Ferrol cando hai que pillar unha acta!

Pois conste que, si un só diputado galego, Leonardo, Gullón, ou o demo, quere, teremos axiña o ferrocarril da Costa. Con facer unha interpellación radical, abonda. Xa o dixemos enantes, pro compre machucar n'estas coucias.

O demais é «regionalismo bien entendido». E si algo se conseguira agora tería que ser polos socialistas.

**Prégase a todolos leutores d'iste boletín que teñan algún exemplar d'os números 1, 2, 27, 91, 92, 93, 99, 100 e 112 e non'o colecciónen, o manden a nosa Ademinstación donde fan falta pra compretar a colección.**

DA I-ALMA

## ¡Salve, irmá sobrime!

Irlanda, a irmá nosa pola raza, e ainda polos costumes, as mágoas i-los sofrimentos, está en pe. Agora fica probado que non hai pobos pequenos que non esparezan grandes cand'un ideyal común os alumea. Agora decatáradesvos que non hai pobos grandes que non se enmagrezen i-encativados quando lles falla un sincero ideyal unificador.

Quizais d'esta doença padeseu sempre a Hespaña—mais que pobo feixe de pobos mal estreitados—e polo mesmo veu a sua decadencia.

¡Salve irlandeses! Eles camiñan ó martirio sereos e cheos d'azo barudo, n'aras do seu credo racial, forte e luminoso. Peitan e loitan c'os enemigos de xeito bíblico. Bótanse a morreren nos carces, enantes que probar sustancia de máns dos apreixadores. Com'os labregos do conto de Meco, todos fanse solidarios do de un. Ond'autua un irlandés ali está Irlanda enteira. E de que serven armas nin forza material contra d'esto?

E admirabre a insurrección da «Verde Erin». Ten o alento xerminal dos grandes «epos». Ten tódolos elementos percisos pra tencionar a un poeta de folgos na concepción do poema heroico mais rexo e xenial do século XX. A guerra finada—loita de moitas razas e moitos pobos—non achou no seu seo unha emotividade, un romanticismo, unha quentura cordial tan subrimes com'os que fai latexar ese belo xesto dos irlandeses...

Os «sein fenniers» (os sin terra, os sin pátria) queren ser donos d'unha terra e d'unha pátria, pra llas oferelle ó mundo como plantel da civilización celta xermoladora da arelada civilización atlántica, que sementámos nazonalistas galegos...

O celtismo volve a entrar na scea da Hestoria. E Irlanda hoxe, frente ó imperialismo saxón, como antano Galicia no Monte Medulio, frente ó imperialismo román, fai esvaidha a lembranza de Sagunto e Numancia.

Que non haxa un bô galego que deixe d'ollar con l'fraterna simpatía a groriosa e consoladora epopeia irlandesa.

A sombra de Alfredo Brañas, agarrada pola doce sombra da meiga Rosalía, baixo o teito melancóneo da igrexa de Santo Domingo da vella Compostela, dinos a todos con xeito profético:

«Como en Irlanda, érguete e anda».

## Cousas do quinto reino d'Andalucía

Os xornaes da Cruña e do Ferrol, con motivo da botadura do «Reina Victoria» publicaron numerosos estrondosos. E os artigos que apareceron n'elos, son, como diría o borracho do conto, os mesmos «do ano pasado». Logares comuns, frases feitas tan cursis como valdeiras. ¡Qué os garden pra outra!

Lendo esas cousas, pensamos que cada pobo ten o que merece. ¡Nin un soilo escritor ferrolán fala do ferrocarril da Costa, cando era o momento por ocupáranse as Cortes d'ele!

Ferrol bosteza tod'o ano pra se rire no día d'unha botadura entre sons de valse e de foxtrot.

¡E falan de patriotismo! E berran ¡viva Hespaña! Sen decatárense de ques as festas da botadura son festas sin alma, sin persoalidade. Sons d'unha marcha austriaca; hurras saxóns, costumes ingleses—com'o da botella de champagne—dirección técnica británica, opereta vienesa e dhistes andaluces... brindis patrióticos entre baile e baile. ¡Olé!

¡Queredes hespañolismo e rexonalismo mais sans e millor entendidos?

¡Oh Vigo, pobo progresivo sin plaza de touros, adiante...!

E que disimule o corresponsal da «Voz de Galicia» que non poido menos de berrar «Viva España y alabado sea Dios» vendo bailar un froxtrot ás ferrolanas.

DENDE PORTUGAL

## Saudo patriótico

Sólo vós fúcheis os que estremeceches o meu espírito; ainda dormido. Solo vós, los que ó despertaches d'un profundo sono. Vós, os que conseguiches commover a miña y-alma, dórida e triste, e facela vibrar e darlle vida.

¡Nazonalistas!: Vós solo sodes a miña única ilusión, a miña esperanza.

Dende ha moito que teñio un segredo pra decirvos, un sentimento rebelde, unha arela suprema, unha ansia inmensa, que xa non'a podo guardar mais.

No meu peito arde aceso o fogo Sagro. Sinto esa cobiza santa que me persegue e non me deixa xa vivir. Sinto ese fogo que vós acendeches; Ese fogo purificador, de redención. Ise patriotismo; fero; isa forza misteriosa qu'ha de tirar da escravitude á Terra asoballada.

Por mifias veas corre só sangue galega. Teño dezoito anos. Son inda novo; mais xa as vosas verbas fientes se cravaron na miñ' alma. Os vosos berros de loita feriron no fondo do meu peito. Senti, como si unha voz estraña, de angustia, me chamase pra unha cousa moi grande pra unha empresa do destino. Senti a voz divina que me mandaba a vós. Que me arrastraba i levaba car'a vosoutros. Estou con vosco; non vos poso deixar; Son cautivo do Ideyal. Non quero seguir por mais afastado do voso movimiento. Poñede o meu nome entr'os vosos. Contáde desd'hoxe con outro galego presto a servir á Grande Causa.

¡Galegos! ¡Nazionalistas: Non desmayedes. Vamos camiño do trunfo. ¡Adiante!!! Sempre adiante..! A conquerir a xusta libertá! Xa chegou o tempo, e non podemos retroceder. A loita vai ser rexa. E mentres haxa un puñado dos nosos, permanecei firmes, que venceremos.

N-este momento, fago a miña conversión ó Nazonalismo. Síntome voso irmán. Abandono a língua que me deron na escola, e que non é do meu xeito; pra falar por sempre a miña, ésta que aprendín de neno entr'a terra saudosa, est'outra mais doce e soave, mais do meu ser.

Equí onde estou, me non considero inda desterrado. Estou entre irmáns de raza, que o acaso nos desuniu. Mais eu axiña irei a vós. Entrarei nas vosas filas.

¡Galegos!: Con vosoutros hast'o fin.

¡Terra a Nosa!

LOIS DO ARROYO.

Foz-Portugal, marzo de 1920.

## Dende Villagarcía

No teatro «Salón Varietés» estrenouse con grande éxito a farsada enxebre orixinal de Manolo Rey, «O Trasno». É unha obra que gustou moi-to polo humorismo que contén, ade-mais qu'é xenuinamente galega, por desenrolarse toda ela na fala de Rosalía, e polo de ter tamén os costumes todos eles galegos.

Pénsase poñel-a outra vez na esca, pois por non cabere mais xente no teatro, foron moitos os que non puderon vel-a.

Con istas liñas reciba o seu autor miña embora.

O día 25 d'Abril axuntáronse na Cidade de Pontevedra os esproradores de toda a provincia. Preparouse para

dito día, unha gran festa, na que cantaron os xóvenes esproradores o Himno Galego. E unha proba enxebre d-os esproradores galegos, o cantare na nosa doce fala, e todolos consegos de Galicia, si foran o que deberían sere, non deixarían de seguir o mesmo camiño, d-os d'aquela fermosa Provincia.

MANUEL PORTO CASAS.

### Orientacións políticas d'a Galicia

II

## “Orientación perniciosa de las Irmandades da Fala,”

N-a Asamblea de Santiago, a pesar de negarnos a que se declarase católica e de establecer que non se discutiría acerca d'as formas de goberno, un siñore que dixo ser republicano federal e «representar», digo mal, e que demostrou desconocer o común sentir d'os republicanos, socialistas e sindicalistas d'a Galicia, propuxo como condicíos previas para colaborar n-as deliberacíos d'a Asamblea, que reconeceremos a autonomía individual e nos declararemos republicanos y-aconfesionales. Do mesmo xeito qu-habíamos rechazado a proposta d'o fraude franciscano opuxémonos a esta outra pretensión.

Dinantes de pasar adiante hei de repetire que nós «creendo n-a accidentalidade das formas de goberno, intresanos adrarrar que non apelamos por ningunha, mais simpatizamos, dende logo, con aquela que se amostre mais doadá pra chegar a federación con Portugal». Dito esto esporei as razós que tivemos pra adoutar a nosa actitude.

Primeiramente, nos non fumos a Compostela a «supricular axuda» de ningunén, non somentes porque o ser nazionalistas «non é un negocio» —nunca alcontramos en condicíos de sobornar concencias con destinos, nin aspiramos a ser comisionistas da tranquilidá pública— senón tamén porque a nosa finalidade n-a Asamblea era casi escrusivamente facer un estudio d'os móviles d'actividá, d'os sentementos, d'o bagaxe intelectual e d'o carácter d'os que din que aman a nosa terra e que queren leixar d'ella pra sempre o caciquismo.

Segundamente, si por autonomía individual s'entende o reconocemento d'os direitos individuaes, escusado era que nos as declarássemos no noso pro-

grama: xa están aseguradas n-a Constitución d'o Estado. Por ista razón como dí Dorado Montero: «A sociología moderna puna porque, xunt'a persoalidade d'os individuos se reconoce a existencia d'as persoas sociales, que, en lugar d'anular aquellas, servenlle de compremento, cooperando co-elas a consecución d'o mér benestar posible». Si por autonomía individual entendía o propoñente o exercicio d'os direitos individuaes sin traballo algunha, nós entendemos que ningunén ten direito mais que pra cumplir c'lo seu deber—todo direito e un medio pr'a realización d'un fin—e que declaraba en tal sentido era tanto como condanar a conducta d'as organizacíos obreiras frente os problemas d'os «squirols, d'a libertá do aprendizaxe y-a tendencia a sindicación forzosa», e nós non deixamos de reconecer de qu' os obreiros non sindicados tamén se beneficien d'as ventaxas económicas obtidas pol-a organización, e de qu'os «squirols» moitas veces non son a expresión d'a libertá d'o traballo senón verdugos inconscientes d'esa libertá. Si por autonomía individual entendía o propoñente que non sexan verdadeiros preceutos legales mais qu'aquiles qu' o pobo refrenda cumprindoos e traducíndoos en feitos entón tamén era inecessary a declaración porque n-a Asamblea de Lugo xa se pidiu a derogación d'o artigo 5.<sup>o</sup> d'o Código civil.

Terceiramente, non nos declararamos republicanos porque as formas de goberno son accidentes d'una «categoría histórica»: o Estado. Eu creo qu' o Estado autoritario i-estático actual tan solo que transformare o tempo n-unha nova entidade cooperativa e dinámica, e decir, n-unha colectividá de vontades colectivas que se propoñan fis comúns unidos pol-a concencia de raza ou de fraternidá de razas. Esta nova entidade que ha de xurdir despoixa d'un retorno a natureza, non será administrada por ningunha crás de grupos políticos gobernantes como non sexan outros novos barados na psicoloxía particular de cada raza, cuyo caráuter non se pode facilmente percibir. Ademais, co's ollos postos n-a Hestoria, consideramos a ley y-a autoridá como institución meramente tutelares, dependientes polo tanto d'a necesidá d'a tutela. Por outra, de quitado o caráuter vitalicio d'os reixes, ¿en qué se diferencia unha República d'unha Monarquía? En nada, e tanto é así, que pra toda persoa culta ten moita mais importancia o «reximen constitucional» qu'a forma de goberno.

Últimamente, non nos declararamos aconfesionais, porque, despois d'estas prohibidas as discussíos acerca d'asun-

tos relixiosos e h-haberse negado a Asambreria a declararse católica, ou o sifbre propónente é un «analfabeto con letras» ou a sua proposición encamíñabasé a que cada un dos asambreistas se declarase aconfesional, y-eso, aparte de ser un auto brutal d'intolerancia, non podía ter viabilidade, porqu-os católicos nin como trata politeca podían negar qu-o eran sin incurrir en apostasía.

Sin embargo; non ten nada d'estraño que tanto algúz monárquicos como repubicanos d'espirito tolleito, se mostren, por encanto, recelosos ante a nosa indiferencia pol-as formas de goberno. ¡Non! Os politicos vellos fixeron d'es formas de governo os eixes que presidiron a cristalización d'os seus ideáes. ¡Por qué! Porque par elas as verbas república e monarquía eran respetivamente a «Nota de perigo» y-o denominador común de ideáes qu-hoxe todo o mundo está decadido que non teñen nada que ver co-as formas de governo.

ARTURO NOGUEROE.  
Ourense, 12-4-1920.

## Transporte báquico

Bebamos rapaces,  
Os vasos valeiros  
Deixemos, que logo  
De novo encierremos.  
¡Que viño tan rico!  
¡Que viño tan testo!  
Mirai cal rebrinca  
Bulindo, fervendo.  
¡Que ból! ¡Que ben sabe!  
Bebeda sin medo;  
Botade outra copa,  
Seguidas bebendo,  
Que o viño nos cura;  
Pór el esquenecemos  
O mal que nos creba,  
E da-nos alento,  
E da-nos mil goces,  
E da-nos bon genio,  
El é poderoso,  
Con bastante imperio  
Como que é de Baco  
Fijo predileito  
Amigo de risas,  
Festas e contentos  
Ninguen n-el enfero.  
¡Ternadel! ¡Bon peito!  
Bebamos de novo,  
Non demos efecto,  
Que si é que privados  
Salvez nos pedimos  
Un sono ven doce  
Virá a socorrenos  
E en brazos do sono  
Felices seremos.

FLORENCIO VAAMONDE

## Dispois...

Branca tea de lño,  
esquedete enrolado,  
rayola do camiño  
longo, leso, fatal y-enfarinado.

Catro meigas peladas,  
unha angarella torta.  
A luz do sol deitando jabazadas  
n'as catro meigas e na longa morta

Un branco can que turra  
cos dentes do favelo:  
un corvo que o apurra  
desenrola n'os altos un novelo.

Empedregouse a valgada. Ninguen  
Unha mirou tres veces cara atrás  
Agardo inquieto a ver si pasa alguén  
pra meterme detrás

Que coussa conta a vella!  
(Esta vella esquenida,  
inquietante e sabida,  
que fai tremar c'a risa de chavella.)

Un can arripiante  
dixo ó lonxe non sei que longa causa.  
Pasaba un camiñante  
d'unha rota que endexamais repousa.

N'o fondo d'a valgada,  
doume inquietanza o vello casarelo  
d'a vella abandoada.

Había un forte arrecendor a cera.  
Dispois...  
Dispois dixeran que morrera...

MANUEL ANTONIO

## A MOCEDA D'ESTRELAS

## Homenaxe a Rosalía en Santiago

O brillante coro ourensano «De Ruada», que acaba recorrer triunfalmente Galicia, a-o seu paso po-la vella cibidade do Apóstol quixo rendir unha sínxela lembranza d'amor e admiración á memoria inequívoca da cantora do Sar. Na mañán do domingo, 11.—deradeiro día da estancia do coro en Santiago—, foron os rapaces d'Auriabilla até o moimento ergueito a Rosalía no Paseo da Bóveda, cuios arredores, habían sido tomados por imensidada de público. Rubidos ó pedestal da estatua, o secretario do Coro Fabriano Iglesias leu unha fermosa cuarteta chea de sentimento e de emo-

ceón, facendo ofrenda do homenaxe ó reisenor d'Iria. A leitura da bela prosa, trazada po-la pruma do irmán Posada-Curros, foi seguida d'unha longa salva d'apausos.

A rogo dos ourensanos falou Icilio o Presidente d'activa «Xuventude Nacionalista de Santiago», noso amigo Valentín Paz d'Andrade, que fixo un valente e rexo discurso, do que reproducimol-as seguintes verbas:

«Coa y-alma alumíñada —dixo— i-o curazón tremolento d'amores, os mozos do esgrevio Coro «De Ruada» acoden hoxe rente ás aras do altar da Patria Galega. Chegan en romaxe de sentimento i-en pellegrinación de fé a os pés da «Santiña da nosa Poesía» pra recibir a comunión espiritual das lumes milagreiras do xenio da raza.

«Iles traen tecidas con repicicos da gaita, salayante ou cantareira, todas as tenruras, melodías e ledicias da arte da saudade, e nas ecos das suas cántigas os novos «airiños» que corren agora rizando os verdores risos das campás, os xiróns latexantes da y-alma do pobo, as ergueitas e variles arelas dos «bós e xenerosos». (Aprausos).

«A Galicia vella, embruxada e serva, o chán malfadado das meigas, dos entangarañados; a Galicia aldraxada dos «casteláns de Castela», esmorece, morre. Sobras suas cinzas quentes, xurde e medra, en troques, a Galicia nova, lumiosa e ceibe, consciente dos seus dreitos, dona da sua persoalidade, que, pouco a pouco, pasenfiamente, vai esnaquizado as prantás alleas, asoballadoras da terra (Aprausos). A esta Galicia nova, compre esta arriscada xuventude. Non a xuventude doente de parálisis mental; non a xuventude sfos tolleitos d'espirito; non a xuventude dos afemeados ou dos asesuados. Non. Eis a xuventude anovada e forte, rebelde e conqueridora, d'entendemento aberto a toda-las modernas vibracións do pensamento e cu-rázón ateigado de fogo pasional».

«Rosalía, musa e nai, santa e dona: dando o paraíso da tua gloria, alenta o un soplo do ten numen os azos d'esta mocedad loitadora; tende unha man de bendición santificante ós que cantan a os teus pés».

O público premiou c'unha gran ovación as derradeiras verbas do distinto estudeante da Universidade Galega, e, seguidamente, as fermosas doncelas do Coro cubriron de feixíños de froles a base do moimento.

Tan sínxelo coma patriótico auto finou cantando o Hino da raza, entre aclamacións e vítores da concurrencia.

Este simpático rasgo dos rapaces

de «De Ruada» é merecente das loubanzas de todo los amantes das girorias da terra.

## PENEIRANDO

No Senado ténse aprobado un créto pra combatil-as pragas do campo...

Esas pragas, mais que con cartos, combátense con paus.

Valéndose da xusticia catalana ou da irlandesa, que inda é millore.

\*\*\*

Un hespañol finado en Bós Ares, don Pedro Vila Codina, deixou un cheque de 804.422 pesetas ao Estado pra fins d'ensino.

¡Probe home! ¡Qué maneira de tiral-os cartos! O Estado hespañol nada fará con esa cantidade. En troques, unha institución particular faría moi-to.

¡Qué falla de bô senso na maoría dos emigrados ricos!

\*\*\*

García Prieto, o parvo d'Astorga, xenro do seu sogro, xefe d'isquierdas.

Haivos pra escachar coa risa.

\*\*\*

Porque o señor Martín Martínez falou en nazionalista no xantar conque «Cántigas da Terra» agasallou esprén-didamente ós «De Ruada», a raposeira «Voz de Galicia» fixo por rabuñalo n'unhas liñas tortas e cativas.

Ningún bô galego debe lér a vella e noxenta gaceta orgo do marqués do espliego e «del regionalismo bien entendido».

\*\*\*

Aqués a quenes oyades que son rexionalistas, facédelles a figura.

E d'aqués que vos digan que son partidarios d'un rexionalismo ben entendido, d'un rexionalismo práctico, pensai ou que teñen moito de parvos ou moito de labercos, ou moito de miserabres.

\*\*\*

Lacierva logra cantas subencios lle peta pra Murcia. A costa do Estado asegura o seu cacicazgo.

En troques, os cuneiros galeguinhos, nada.

Levan os da Cruña pidindo unha cativa cantidá pr'ó Observatorio, den-de fai anos e... com'o primeiro día.

## O DIPUTADO POR VEIRAMAR

NOVELA DE GONZALO LÓPEZ ABENTE



Esta interesante e modernísima novela en idioma gallego, está posta a venda nas principales libreriás de Galicia.

**PRECIO 3 REAS**

## Compendio de Gramática Gallega

**PRECIO 2 REAS**

### VÉNDENSE:

Na Cruña . . .	{ Ademinstación «A NOSA TERRA» IRMANDADE DA FALA.	{ María Pita, 77.
Ferrol . . .	Librería de Comadira.	
Lugo . . .	{ Id. id. Gerardo Castro. Id. id. Viuda de Alonso. Id. id. Angel Porto.	
Santiago . . .	Editorial «Eco de Santiago».	
Orense . . .	Id. id. Viuda PérezResvié.	
Monforte. Id.	Antonio Fernández Piñeiro.	

Prégase a todolos suscriptores que non reciban o noso boletín manden a queixa ao ademinstrador pra facer a reclamación no correio.

Prégase asimesmo aos que teñen a suscripción en descuberto, remitan o importe pol-o xiro postal.

**Compañía Granieri**

BREVEMENTE DEBUT

**Teatro Rosalía Castro**

**EFEKTOS NAVALES**

FERRER Y COMPAÑIA — SUCESORES

**F. BERTRAN e MIRAMBELL****Vigo e A Cruña**

CASA FUNDADA EN 1868

Artigos xenerais pra equipo da Marina Militar, vapores, barcos de vela e pescadores

**A FARTANZA**

— DE —

**CRISTINO P. REY****PROGRESO, 40. — A CRUÑA**

Esta casa e a que millores viños de Lágrima vende, así como de Valdeorras, licores e coñás.

Visitade esta casa, e quedaredes satisfeitos.

**LA MODERNISTA****GRAN SALÓN DE BARBERÍA**

— DE —

**RAMOS E ACEA**

San Andrés, 94-1.º — A CRUÑA

Estabreimento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e todolos aparatoss higiénicos. Especialidade en lavados da cabeza, locios e fríos de todas clases.

Nota: N'este estabreimento atopará o público un servizo permanente a cargo dos seus propietarios, antigos dependentes das mais importantes peluquerías desta capital.

**LA SALUD**  
**CASA DE BAÑOS**

A MILLOR DA CRUÑA

Avenida de Rubine, 22 (Riazor)

**COMPAGNIE GENERALE TRASATANTIQUE****Materiales de Construcción**CEMENTO ASLAND  
MADEIRAS — CARBÓN

Centro Xeneral de Seguros

Ignacio Pedregal  
A CRUÑA**Gran H. Universal**Rúa da Reina (da Raíña), 21 — LUGO  
O MAIS NOVO E MILLOR

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra todolos trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

**Hotel Continental**

CASTELAR, 8 e OLIMOS, 28

O MILLOR SESVIDO

— DE —

M. Losada Prado  
A CRUÑA**Frábica Mecánica  
de Calzado :-**

— DE —

**ANXEL SENRA****RUA XUAN FLOREZ**

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA

**FARMACIA EUROPEA**

— DE —

**LOPEZ ABENTE**

REAL, 55

A millor sulfida da Cruña, e un dos estabreimentos da sua crase que mais honran a Galicia. Montada con arredo os derradeiros adiantos.

**Gran Café da Marina****JOSE RODRIGUEZ de VICENTE**

Urzáiz, 11

**BAYONA****COMPAGNIE GENERALE TRASATANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

**Servicios direitos dende o porto da Cruña**

El dia 17 de Abril aprosimadamente e salvo continxencias, sairá para

Habana e Veracruz o rápido paquete correio

**Chicago****Prezos do pasaxe (incruidolos impostos)**

Habana Veracruz

Ponte de paseo:	
Camarotes de luxo:	
Id. esteriores	
Ponte superior:	
Camarotes esteriores	
Id. interiores	
Ponte inferior	
Segunda clase.	
Preferencia.	
TERCEIRA CLASE	

Ptas. 2.053'75	2.138'75
1.668'75	1.753'75
> 1.498'75	1.593'75
> 1.293'75	1.378'75
> 1.293'75	1.378'75
> 1.103'75	1.088'75
808'60	798'60
328'60	343'60

O dia fixo de saída anunciarase oportunamente.

O pasaxeiro que deseñe embarcar ten de remitire seguidamente o nome e mail-o importe do pasaxe, sen emprender viaxe hastha que tefia a conformidade do Consinatario de que se lle reservou a praza.

Os emigrantes e todolos equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída prezos do pasaxe e tipos de flete, dirixirse o seu Consinatario.

**D. NICANDRO FARINA — Rúa de Compostela, esquina a Praza de Lugo**

Falso cárrego de todas as cras de traballos gráficos, en imprenta, litografía e fotograbado, así como sellos de caucho.

## A Papeleira Galega

BARREIRA, 7

FRÁBICA DE BOLSAS DE PAPEL  
DE TODAS CRAS  
FOTOGRAVADO

A CRUÑA

Telef. 434

## "PATENTE-SALVAVIDAS,"

O millor pra pintar os fondos dos barcos. Ganhou Dipoma de Hono-re, Gran premio e medalla d'ouro nas Exposições de París e Londres.

### REPRESENTANTE:

F. Bertran y Mirambell Vigo  
Coruña

## COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

Salida do porto da Cruña para Bahía, Rio de Xaneiro, Santos, Montevideo e Bos-Aires


*O dia 2 de Febreiro de 1920, aprosimadamente, e salvo continxencias, sairá do porto da Cruña o paquebot correio francés*

Admite pasaxeiro's de primeira, segunda, tercera intermedia e terceira crase.

Prezo do pasaxe en terceira crase ao Brasil, Montevideo e Bos Aires Pesetas 359'60

Para mais informes dirixirse aos seus consignatarios:

Sres. OYA GILARD e COMPANIA, (S. en C), Praza d'Ourense 2 B e Feixón, 2.—A CRUÑA



## Compañía Chargeurs Reunis

Pra os portos de PERNAMBUCO, RIO JANEIRO, SANTOS, MONTEVIDEO e BOS-AIRES, sairá da CRUÑA sobor do 19 de Abril, o lixeiro e magnífico vapor

## CEYLAN

de 10.000 toneladas

Admite pasaxeiro's de cámara e 3.<sup>a</sup> cras.

Prezo do boleto de TERCEIRA crase Pesetas 374'60

» medio boleto » » 189'60

Nenos mais novos de dous años, un gratis por familia.

De dous a 10 anos, pagan medio pasaxe. Maiores de 10 anos, pasaxe enteiro.

NOTA INTERESANTE.—As mulleres que levan renos que non chegan a os 10 anos, chámaseas polos seus maridos, non poden embarcaren pra BOS AIRES si non presentan n'esta Agencia un certificado PRECISAMENTE do DEPARTAMENTO de EMIGRACION de BOS AIRES, permitíndolle's o cesembarcaren na REPUBLICA ARXENTINA. Non teñen valor algúns as cartas de chamada, autorizacions, nin poderes dados arte os Cónsules hispánicos.

As mulleres que se atopen n'estas condicions e non presenten NECESARIAMENTE o dito certificado, non poden embarbar. Tamén teñen que presentaren o mesmo certificado os emigrantes que teñan MAIS de 60 ANOS e non vayan acompañados da sua familia.

O dia fixo da saída anunciaránse con oportunidade.

Os pasaxeiro's teñen de presentarse n'esta Agencia o día 5 d'Outono pola mañá.

Pra informes dirigirse aos Agentes Xeneraes en España,

ANTONIO CONDE (FIHOS).—PRAZA d'OURENSE, 2.—A CRUÑA

# LA PROVEEDORA GALLEGA

DE

Xuan Vázquez Pereiro

A millor fábrica de chocolates de Galicia, sita na Rua  
estreita de San Andrés.—A CRUÑA

Irmans: si queredes estar sans e fortes tomade todol'os días  
unha cunca do rico chocolate que fabrica ista casa, e veredes  
como sin darvos conta estades ledos e traballados sin sentir o  
mais cativoiro cansancio, porque gozaredes de boa saúde.

Por qué é isto? porque os chocolates que faí ista casa, fanse  
côs millores productos i-a limpeza mais esquisita.

PROVADEOS E CONVENCERÉDES VOS

## Os viños e coñás millores

son os qu'eisporta a casa de PEDRO DOMEQ, de Xerez  
Fronteira, fundada en 1734. A casa máis antiga de Xerez.

## O vermouth mais selecto

de mundial e reconocido sona é o ZINZANO (Torino).


## Pra viños de mesa

a hay outros com'ós dos cosecheiros eisportadores Señores  
R. LOPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa,  
—MADRID.

Representante eisclusivo (matriculado) de todas istas marcas:

## JOSÉ C. JUNCOSA

Galera, 39é41-2.<sup>o</sup> piso.—A Cruña



## LLOYD REAL HOLANDÉS

AMSTERDAM

(KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD)

Viaxes rápidos ó Brasil e a Arxentina  
polos acretados vapores-correios.

## GELRIA, ZEELANDIA, FRISIA E HOLLANDIA

Saidas fixas-regulares da Cruña e Vigo, admitindo pasaxeiros de 1.<sup>a</sup>, 2.<sup>a</sup>, 2.<sup>a</sup> intermedia e 3.<sup>a</sup> clás

Pra informes respeuto a datas de saídas e prezos de pasaxes dirixirse ó Axeute xeneral da Compañía en España

D. Raimundo Molina e Couceiro  
CONSIGNATARIO

NA CRUÑA E VIGO

**GRANDES TALLERES**  
DE LAVADO E FRANCHADO  
DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos centrais:

A Cruña: Canto Pequeno, 12  
Vigo: Praza da Constitución, 12


Sucursais na Cruña:  
Estreita de San Andrés, 12  
Praza de Azcárraga, 4  
Sad Agustín, 22

Sucursal en Vigo:  
Circo, núm. 5

Todas as nosas sucursais ostentan un  
letrero como sinal, qu'f' reproduzón da  
marca de garantía eiqui estampada.

Recibense encárgos de fora, y-espideuse por meio das nosas sucursais.

Si no lugar onde vostede resida  
non-a hay, sirvase manifestarnos seus  
deseos de mandárenos os seus encá-  
regos.



## Leutores

Quen queira ter un traxe bo, xeitoso e  
que lle coste pouco dñeiro, que o faga na  
Xastrería de

Xosé Varela da Costa

Rua do Circo, 16.—VIGO